



Concello de Sarria

DECRETO DA SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA

DNA. M.^a PILAR LOPEZ YAÑEZ//

A medio de resolución desta Alcaldía n.º 78/2019, do 1 de Febreiro, aprobouse a lista definitiva de admitidos e o nomeamento do Tribunal Cualificador correspondente ao proceso selectivo para cubrir, como persoal temporal, unha praza de Asesor/a xurídico/a, director/a do centro municipal de atención á muller (CIM), mediante o sistema de concurso-oposición.

Apreciando que na proposta enviada dende o Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo ao Concello, do Tribunal Cualificador relativo ao proceso selectivo de referencia, rexistrada de Entrada neste Concello ao número 2019-E-RC-577 do 5 de febreiro de 2019, aparecen un vogal e un suplente que non cumpren os requisitos necesarios para formar parte do Tribunal.

Vista a proposta do Tribunal Cualificador, constituído no Pazo Provincial en data 7 de Febreiro do 2.109, en relación á súa composición e a proposta de designación de Asesora do Tribunal, conforme ao previsto no derradeiro parágrafo do apartado sétimo das Bases da Convocatoria.

Vista a nova proposta formulada dende o Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo en orde aos funcionarios que integrarán o novo Tribunal Cualificador.

No uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación de réxime local,

VEÑO EN ACORDAR:

PRIMEIRO.- Nomear o novo Tribunal Cualificador que modifica o constituído a medio de resolución desta Alcaldía n.º 78/2019, do 1 de Febreiro que queda constituído polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, Tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

Vogais:

Titular: Dona Montserrat Conde López, Secretaria - Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Titular: Don Benedicto José Quijada Morandeira, Xefe da Sección de Formación do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Mercedes Lamela López, Xefa de Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

Titular: Dona Margarita Tarrío Álvarez, Técnica de Administración Xeral da Sección de Cotratación do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Ángeles Rivas Vázquez, Xefa de Sección de Contabilidade e Contas do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Secretario:

Titular: José Antonio Carro Asorey, Secretario do Concello de Sarria, que actuará con voz pero sen voto.

Suplente: Emilio Casal Fernández, funcionario do Concello de Sarria, que actuará con voz pero sen voto.

Actuará como Asesora do Tribunal, Dona Iria Lamazares Fernández, Diplomada Traballo Social da Sección Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

TERCEIRO.- Citar ós membros do novo Tribunal para o Luns día 18 de Febreiro do 2.019, ás 10:00 da mañá no Salón Verde da Deputación Provincial para proceder á constitución do mesmo. Por outra banda, formular nova citación aos aspirantes admitidos para o Xoves día 21 de Febreiro do 2.019, ás 10:00 da mañá no Salón de Plenos do Concello de Sarria para a realización da primeira proba tipo Test correspondente á fase de oposición. O resto das probas poderán realizarse a continuación, comunicándose, por parte do Tribunal, este feito ós aspirantes.

CUARTO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncios do Concello, no portal de transparencia e na páxina web do Concello, coa advertencia de que, conforme ao previsto no derradeiro parágrafo do apartado I) da Base Sexta das da convocatoria, concédese un prazo de cinco días hábiles para efectuar recusacións dos membros do tribunal.

Así o mandou e asina a Sra. Alcaldesa de que certifico

(Documento asinado dixitalmente á marxe)